

A lista electoral de AER



1) Elección provisional da lista de AER.

Como trámite obrigatorio, a Agrupación de Electores de Redondela (AER) vese na necesidade de elaborar unha lista electoral para poder concorrer ás vindeiras eleccións municipais. Esta deberá ser entregada no seu debido momento na xunta electoral. Aínda que os/as que saian escollidos/as serán a voz e a cara visible de AER, temos claro que o importante son as decisións da asemblea, xa que en AER todos/as somos iguais. Os/as concelleiros/as serán correas de transmisión que deben levar as decisións da asemblea, e as demandas do pobo de Redondela, ao Concello.

Durante un período de tempo, ata o 25 de febreiro, cada membro de AER de xeito anónimo seleccionou a dez compañeiros aos que outorgou un valor numérico do 1 ao 10, segundo estimase procedente, pero sempre tendo claro que non é un proceso para crear líderes, senón para designar representantes da asemblea no pleno municipal. Unha compañeira designada por todos foi a persoa encargada en recompilar esa información.

O 26 de febreiro daríase a coñecer entre os membros de AER a lista resultante provisional

2) Decisión particular de cada integrante de AER de ir nas lista ou non

Durante un período de tempo prudencial, cada membro que aparece na lista provisional, en función das súas limitacións ou consideracións particulares, posicionarase acerca de si aceptar ou non o posto que os compañeiros lle propoñen na lista. En virtude disto, e tras acordo por parte da asemblea, a lista farase definitiva.

3) Elaboración da lista en base aos dous primeiros puntos.

Decisión que se tomará na asemblea dos integrantes de AER. Ademais do anterior, teremos en conta que en AER a representatividade dura dous anos, e formaranse equipos compensados que, respectando as votacións e as decisións de quen fora elixido/a, nos representarán durante eses dous anos.

A lista definitiva farase pública coa súa presentación á xunta electoral.

4) Disolución da Agrupación ante a xunta electoral.

Ao presentarnos baixo a forma xurídica de “agrupación de electores”, temos a obrigada de disolvernos e volver a constituír a agrupación. Necesitaremos o aval de 500 persoas, que terán que asinar un documento tipo para tal fin e facilitarnos unha copia do seu DNI.

5) Recollida de sinaturas para volver a presentarnos.

Se vós queredes, nós presentámonos.

6) Presentación da candidatura. Faranse asembleas por todas as parroquias do Concello.

NÓS SOMOS VÓS!

POR QUE SEGUIMOS ESTE PROCESO PARA FACER A LISTA ELECTORAL?

Hai pouco publicamos un comunicado dicindo o doado que é achegarse para beber o viño, pero o difícil que resulta atopar voluntarios para dar sulfato (cachar a viña, podar, atar, carrexar a uva ou trasegar; dun bocoi a outro, non para o bandullo).

Pois ben, en AER sabemos quen ven beber o viño, pero tamén sabemos quen cachou, podou, trasegou e carrexou a uva. Por iso, eliximos entre nós a compañeir@s dos que sabemos o leite que dan cando toca traballar. Seguro que non somos moi “modernos”, pero é que somos así, de arrimar ombro con ombro e facer o traballo que hai que facer entre tod@s, e que cada un faga o que sabe facer e aporte o que mellor poida aportar. Facemos da solidariedade un valor.

Sabemos que está moi de moda (desde hai tempo) poñer de portada personaxes con “carisma”, pero temos un problema, sómosche alérxicos aos carismáticos e aos líderes.

Ese é o motivo para escoller entre nós ás persoas que demostraron a súa validez, a súa capacidade, o seu carácter integrador e a súa sensatez. Somos raros. ¡Que lle imos facer!. Seguro que o que procede é nomear persoas con “tirón social”, pero non debemos saber moito de marketing, porque nós temos un concepto da política que implica un concepto **real** da igualdade, de non querer pastores nin ovellas, de pertencer a unha cidadanía “normal”, sen uns poucos listos e unha maioría de parvos. Nós cremos niso que dan en chamar os modernos “empoderamento da cidadanía”, pero cremos e practicámolo.

Así que eliximos entre nós, os que traballamos a pé de obra, e invitamos a calquera que queira traballar e ser protagonista do noso destino “ MUNICIPAL” a colaborar coas súas capacidades, co seu saber facer, e coa súa vontade para mellorar a nosa realidade inmediata, a que veñan e axuden a cachar a viña, podar, atar, etc. (despois bebemos o viño)

Por outra banda, debemos aclarar que aqueles/as que escollemos para representarnos son @s nos@s voceir@s, pero non @s que deciden. Decidimos entre tod@s, pensamos entre tod@s e actuamos tod@s xunt@s.

Queres participar? Pois xa sabes; demóstrate que es quen de traballar ombro con ombro, de aceptar as decisións da maioría e de ser “un máis xunto cos demais”.

Cando queiras, ven “traballar a viña e despois comparte o viño con tódol@s compañeir@s”.